

Tema 7. A Revolución rusa ou soviética e a creación da URSS.

7.1. A decadencia do tsarismo.

A comezos do século XX o Imperio ruso era un xigante en decadencia ancorado no Antigo réxime, dirixido por un monarca absoluto ou tsar, que impoñía o seu poder sobre centos de grupos étnicos, que practicaban dúcias de relixións e falaban case centocincuenta linguas. O tsar favorecía os súbditos rusos (grupo maioritario), por tanto a lingua rusa e o clero da igrexa ortodoxa reprimindo duramente as manifestacións diferenciais das outras etnias (fineses, ucraínos, bálticos, xudeus, etc).

O deterioro das estruturas económicas e as tensións sociais viñan obrigando ó estado tsarista a emprender reformas e cambios, cabe destacar:

- **O intento de reforma agraria:** a decisión do tsar de decretar a **liberación dos servos**, concedéndolles o dereito a comprar a súa liberdade e terras para converterse en campesiños libres, acaba derivando nunha situación de maior miseria dos ex-servos (resúltalles imposible obter ingresos para cubrir os gastos de pagar a súa liberdade, as terras compradas e os impostos por ser propietarios): os novos campesiños tenden a protagonizar protestas e revoltas.
- **O intento de revolución industrial:** as inversións de empresas estranxeiras, que favoreceron a aparición de concentracións fabrís en certas cidades, acabaron provocando unha gran corrente migratoria de ex-servos (éxodo rural) desde as zonas rurais cara as urbes industrializadas, dispostos a cobrar salarios baixísimos: os obreiros ou proletarios protestan e organizan folgas contra o deterioro dos salarios e das condicións de traballo.
- **A aposta pola construción do ferrocarril transiberiano:** inicialmente as inversións estranxeiras no ferrocarril favoreceron o auxe da produción industrial, a desviación de emigrantes cara a Siberia e as ansias do Imperio ruso por estenderse ata o Pacífico, finalmente o remate das obras do tendido da rede viaria provocou a crise de moitas empresas industriais, un enorme número de parados e a propia derrota fronte os xaponeses na **Guerra ruso-xaponesa de 1905**

O fracaso imperialista do Imperio Ruso fronte a Xapón impactou de xeito brutal sobre a sociedade rusa ata o punto de encadearse unha vaga de revoltas, folgas e sublevacións que desestabilizaron o réxime tsarista de Nicolás II da dinastía Romanov:

- Revoltas campesiñas, reclamando unha verdadeira reforma agraria.
- Folgas obreiras, reclamando solucións ó paro.
- Sublevacións na mariña (sublevación do **acorazado Potemkin** na base naval de Kronstadt), reclamando responsables da derrota fronte os xaponeses.
- Protestas dos burgueses, reclamando maior liberdade para producir e comerciar e un réxime constitucional.

Este conato de **Revolución de 1905** (iniciado nos feitos coñecidos como o **Domingo sanguento**) obrigou ó tsar a buscar aliados para lograr manterse no poder e frear a presión social: o tsar optou por facer promesas os burgueses de emprender reformas económicas e políticas (favorecer a industrialización e iniciar a transformación do imperio nun sistema político liberal coa creación da **Duma**). Os burgueses aceptaron as promesas e colaboraron co tsar poñendo fin as súas protestas e rexeitando as protestas, folgas e revoltas dos campesiños, obreiros e militares organizados en **soviets**.

Pero entre 1905 e o inicio da Primeira guerra mundial (1914) as condicións económicas, sociais e políticas seguiron deteriorándose, posto que a situación dos campesiños e obreiros continuou agravándose e o malestar dos burgueses reapareceu o ir dándose conta de que o tsar nin facía reformas políticas nin favorecía o crecemento industrial.

Ó longo da 1ª Guerra Mundial (1914-1917) a corrupción, as tensións sociopolíticas e o desgaste brutal da guerra foron illando ó tsar e agravaron o desprestixio do seu réxime, precisamente por mostrarse incapaz de transformarse nun sistema liberal e de dar resposta os conflitos. O tsar vese acosado polos fracasos militares, polas protestas dos burgueses e polo poder crecente dos **soviets** (organizacións de campesiños, obreiros e soldados, que dirixen as protestas, revoltas, folgas e motíns).

7.2. As revolucións de 1917.

En 1917 a crise do tsarismo é total, posto que as tensións desbórdanse nunha espiral de manifestacións e represión (a xente protesta contra a escaseza de alimentos, o continuo recrutamento de soldados, os fracasos na guerra, a fame e a morte), que desemboca na Revolución de Febreiro.

O proceso revolucionario de 1917 pasou por dúas fases:

7.2.1. A revolución liberal ou Revolución de febreiro de 1917.

No mes de febreiro de 1917 ten lugar un proceso espontáneo de folgas e protestas contra o racionamento de alimentos acompañado de sublevacións de soldados, que provoca o illamento total do tsar e a súa **abdicación** do trono.

Ante o baleiro de poder, provocado pola abdicación do tsar Nicolás II:

- **Os liberais** (Partido democrático constitucional ou **kadetes**) optan por organizar un goberno provisorio co triple obxectivo de intentar gañar a guerra, parar a tremenda inflación e elaborar unha constitución recollendo a división de poderes (**un réxime político liberal**)
- **Os socialdemócratas** (Partido obreiro socialdemócrata de Rusia, dividido nos **menxeviques** e os **bolxeviques**) e os **social-revolucionarios** (SR) apostan por acelerar a organización de **soviets** e móstranse dispostos a apoiar o goberno dos liberais, si o goberno atende os problemas dos traballadores.

Polo tanto desde a **situación de baleiro de poder** pásase a unha **situación de dobre poder** na que podemos apreciar unha evolución:

- Inicialmente o **goberno provisional** (coalición de políticos liberais e socialistas moderados) liderado polo Social-Revolucionario **Kerenski** vai contar co **apoio dos soviets**, posto que os soviets están controlados polos social-revolucionarios e polos menxeviques e estes confían no poder do goberno para resolver os problemas económicos, políticos e bélicos (consideran que deben axudar ós burgueses a facer a súa revolución liberal, para máis tarde desbancalos cunha revolución socialista).
- A medida que avanzou 1917, os fracasos continuos do goberno provocaron que os campesiños, os obreiros e os soldados protestasen abertamente e os soviets se enfrontasen ó goberno liberal. Dentro dos soviets os **bolxeviques**, liderados por Lenin (que nas **Teses de abril** defendeu a necesidade de romper toda colaboración cos burgueses liberais e centrar todos os esforzos en preparar a revolución socialista, sen esperar que os burgueses fagan a revolución liberal), aproveitan o descontento de campesiños, obreiros e soldados cos propios gobernantes e cos menxeviques e social-revolucionarios, que lles prestan apoio, para ir facéndose cos postos de control do poder dentro dalgúns soviets.
- Finalmente os bolxeviques acaban por lograr a maioría dentro dos soviets mais importantes e por plantear unha oposición total a todas as decisións do goberno e **reclamar todo o poder para os soviets**. Cando os bolxeviques se consideran fortes acaban optando por organizar un golpe de estado, en outubro, co obxectivo de derrubar o goberno liberal e impoñer unha revolución socialista.

Polo tanto podemos afirmar que a Revolución liberal de febreiro arranca cunha situación de dobre poder (colaboración do goberno provisional e os soviets) e remata coa Revolución socialista de outubro (desaparición do goberno provisional e control total do poder polos soviets).

7.2.2. A revolución socialista ou Revolución de outubro:

O golpe de Estado dos bolxeviques implicou á vez:

- O fracaso dos burgueses rusos, que pretenderan converter o réxime absolutista do tsar nun estado liberal e gañar a guerra.
- A perda de influencia dos menxeviques e social-revolucionarios, que foran rexeitados por ter apoiado os liberais e desprazados da dirección de moitos soviets polos bolxeviques.
- O triunfo definitivo dos bolxeviques sobre liberais, menxeviques e social-revolucionarios, que logran dirixir os soviets e derribar ó goberno, para impoñer unha ditadura do proletariado dirixidos por Lenin, Trotski e Stalin.
- O éxito rotundo de Lenin que, tras convencer ós bolxeviques de que non era necesario esperar polas reformas burguesas para intentar a revolución, logra demostrar na revolución de outubro que era posible implantar a ditadura do proletariado sen necesidade previa de revolución burguesa.

A Revolución de outubro supuxo a ruptura definitiva co intento de reformar o Estado Tsarista e a renuncia a continuar participando na 1ª Guerra Mundial.

Pero o éxito dos bolxeviques non significou que non tivesen dificultades para controlar o poder, posto que se atoparon cunha crecente oposición dos protsaristas, liberais, menxeviques, social-revolucionarios e anarquistas. O descontento contra os bolxeviques agravouse:

- **O asinar unha paz humillante:** os bolxeviques prometeran unha paz honrosa e acabaron por aceptar o **Tratado de Brest-Litovsk**: os alemáns recortáronlle unha enorme parte das súas riquezas e do seu territorio e obrigaron aos bolxeviques a comprometerse a non estender a revolución a outros países.
- **O impoñer unha actitude antidemocrática:** os bolxeviques ocuparon todos os cargos do goberno revolucionario e anulaban as eleccións que convocaron para elaborar unha constitución xa que ó non lograr unha maioría de deputados optaron por decretar a disolución da Duma e pasaron a elaborar unha Constitución con representantes dos soviets.

A prepotencia dos bolxeviques, a presión dos grupos políticos marxidados do poder e a presión exterior dos países aliados da Tripla entente (que se sentiron traicionados e temían profundamente o triunfo do comunismo) puxeron moi difícil a estabilidade do goberno e a propia continuidade da revolución soviética. Os bolxeviques tiveron que facer fronte a unha longa **guerra civil (1918-1921)** e a unha profunda crise económica.

7.3. A creación e consolidación da URSS (CCCP).

A Revolución de outubro de 1917 estivo dirixida por **Lenin, Trotski e Stalin**, estes bolxeviques eran conscientes de contar co apoio dun grupo minoritario e das dificultades para lograr estabilizar unha ditadura do proletariado nos territorios do antigo Imperio ruso.

Lenin e os bolxeviques, para asegurar o triunfo da insurrección, propoñen que o **Congreso dos Soviets** de obreiros e soldados aprobe certos **decretos** para atraer partidarios en apoio da revolución:

- **Decreto de retirada total da Primeira guerra mundial**, que implicaría a retirada dos soldados de todos os frontes de batalla e a solicitude unilateral a Alemaña dun acordo de paz xusto.
- **Decreto de expropiación de terras**, que implicaría a expropiación ós grandes terratenentes (sen indemnizalos) e o reparto gratuíto das terras entre os campesiños pobres, buscando reducir o apoio dos campesiños os social-revolucionarios.
- **Decreto de respecto ó dereito de autodeterminación**, que permitiría a calquera das nacionalidades, antes sometidas polo Imperio Ruso, lograr a súa independencia. Isto resultou máis teórico que práctico o producirse un contexto de guerra civil.
- **Decreto de legalización do Consello de Comisarios do Pobo**, que permitiría cubrir o baleiro de poder derivado do golpe de estado e os bolxeviques acaparan todos os postos de comisarios do novo goberno soviético revolucionario
- **Decreto de apertura dun proceso electoral á Asemblea Constituínte**, que faría posible elaborar unha Constitución, para dar base xurídica ó novo réxime. Pero, o pouco éxito dos bolxeviques nas eleccións, levounos a anular o resultado das eleccións con enorme malestar dos restantes grupos políticos.

Ante tanta crispación Lenin opta por disolver o parlamento e decretar que sexan os representantes dos soviets os que elaboren unha Constitución, para dar base legal ó novo réxime soviético comunista: a Unión de Repúblicas Socialistas Soviéticas (CCCP en cirílico).

Pero as decisións antidemocráticas e a humillación da paz acaban por levar a URSS a un contexto de **guerra civil (1918-1921)**, no que se enfrontarán:

- **O exército vermello**, organizado e dirixido por Trotski e apoiado polos obreiros e parte dos campesiños favorables os bolxeviques.
- **O exército branco**, integrado por todos os opositores ós bolxeviques (militares tsaristas, clero, nobres, burgueses, social-revolucionarios, menxeviques e incluso os nacionalistas e os anarquistas) co apoio exterior dos exércitos dos aliados (Gran Bretaña, Francia, Xapón e EEUU).

Para facer fronte ás dificultades da guerra os gobernantes bolxeviques deciden implantar unha intervención total dos estado soviético na economía ou **comunismo de guerra**, que vai consistir en:

- Suprimir as liberdades para producir, vender, consumir nacionalizando todos os medios de produción e o comercio.
- Impor un control sobre prezos e produtos excedentarios decretando racionamento de alimentos e requisas de produtos nas zonas rurais, para asegurar o abastecemento das cidades e do exército vermello.

O comunismo de guerra permitiu os bolxeviques o triunfo na guerra civil e a continuidade do réxime soviético pero provocou dúas consecuencias graves:

- A ruína económica: sumáronse os desastres da guerra mundial e o proceso revolucionario de 1914- 1917 cos desastres da guerra civil de 1918-1921.
- O descontento total dos campesiños: os bolxeviques, coas requisas, perden a confianza dos campesiños e só lles queda o apoio dos obreiros.

Terminada a guerra civil xorden manifestacións e revoltas contra o goberno soviético, nos mesmos lugares en que se produciran as revoltas contra o tsar en 1917, denunciando:

- O rixido control económico do comunismo de guerra que só provoca escaseza e mercado negro.
- O centralismo ruso co que se pretende gobernar todas as nacións desde Moscova.

- A excesiva acumulación de poder polos bolxeviques agora constituídos como **Partido Comunista Ruso**.

Lenin, para tentar por freo a tanto descontento e recuperar certo apoio dos campesiños, non dubida en enfrontarse a parte dos bolxeviques e impoñer unha rectificación da política económica, deseñando a **Nova Política Económica (NEP)**, que entre 1921 e 1925 permitirá na URSS:

- Certa liberdade para producir e comerciar.
- Certa explotación privada das terras.
- A liberdade para acumular excedentes: abandónanse as requisas, por un imposto do 10% do producido.

Pero a NEP non resulta suficiente para equilibrar a economía, pois o control sobre a grande industria, os transportes e as finanzas continua a pertencer ó Estado. Os gobernantes soviéticos terán que tomar medidas para procurar nivelar os baixos prezos dos produtos agrícolas cos altísimos prezos dos produtos industriais: pois se os campesiños abandonan os campos agrávaranse as protestas nas cidades por desabastecemento de produtos básicos.

A morte de Lenin en 1924 rompe o equilibrio de poder entre os dirixentes bolxeviques e dispara os desacordos e as discrepancias. As loitas polo control do poder na URSS benefician a **Stalin en detrimento de Trotski**, que opta por:

- Desprazar, excluír ou eliminar a todos os seus adversarios, empezando polo propio Trotski e continuando por milleiros de militantes bolxeviques (represión ou **purgas stalinistas**).
- Estabilizar a economía, decretando a colectivización total do campo en **Kolkhozs** ou granxas en cooperativa e **Sovkhosy** ou granxas do Estado (anulación do reparto de terras de 1917) e implantando a planificación da produción industrial (elaboración de **plans quinquenais**).
- Centralizar todo o poder en si mesmo e no Partido Comunista (ditadura unipersoal/ditadura de partido).
- Impoñer un Estado unitario (anulando o dereito a autodeterminación).

Stalin cambia a orientación política da URSS, impoñendo unha ditadura persoal similar ó fascismo, baleirando de poder os soviets e dando todo o protagonismo o Partido Comunista (no que xa a penas quedan bolxeviques do inicio da Revolución).

A política de Stalin ou stalinismo supuxo:

- Un forte crecemento da industria pesada a costa da miseria da agricultura e un forte éxodo rural.
- Un profundo descontento dos campesiños polas expropiacións forzosas.
- Un desprezo total polas nacionalidades someténdoo ó centralismo ruso.

Stalin respondeu a todas as protestas cunha fortísima represión e con deportacións masivas de individuos e pobos enteiros a campos de traballo ou **gulag** en Siberia comportándose como un novo tsar. Stalin xustificaba a súa postura centralista e totalitaria coa necesidade de facer fronte ó bloqueo dos países de Europa occidental e ó ascenso do nazismo expansionista en Alemaña.